

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO III./ ANO I./ 1990

Xullo • Agosto • Setembro

FEMINISMO E POLÍTICA

María Xosé Agra Romero

A LECCIÓN DE SARTRE

Georges Labica

A NACIÓN A XEITO DE ECOSISTEMA
COMUNICATIVO

Enric Marín i Otto

Joan Manuel Tresserras

SOBRE OS DICCIONARIOS GALEGOS

Rosa López Fernández

PRIMEIROS XERMOLOS PARA UNHA HISTORIA
DO PENSAMENTO GALEGO

Xosé Eduardo López Pereira

SOBRE CAMPESIÑADO E CAPITALISMO

X. Leopoldo Balboa López

Lourenzo Fernández Prieto

A SEGUNDA MODERNIDADE

Emilio Araújo

¿OBXECTO DE ESTUDIO «MULLER»
OU FEMINISMO?

Nieves Herrero

DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN

Margarita Ledo Andión

Josep Maria Solé Sabaté

COPLAS DO ENTROIDO DE CANGAS

gotelo blanco

¿OBJECTO DE ESTUDIO
«MULLER»
OU FEMINISMO?*

Nieves Herrero

Quizais sexa conveniente comezar esta breve reflexión facendo unha consideración importante. As mulleres como problema social, as mulleres como suxeito político, acabamos sendo convertidas polo propio impulso do movemento feminista en obxecto de estudio. A tese I sobre Feuerbach pódenos servir como advertencia das implicacións que isto ten. Nela, Marx afirma que o erro de tódolos materialismos anteriores reside no feito de que neles o obxecto concíbese baixo a forma do «obxecto da percepción» e non como actividade humana, como práctica. Trátase de retomar do idealismo, se ben desprendéndose da súa formulación abstracta, o lado activo do coñecemento práctico que a tradición materialista abandonara.

* Este texto foi presentado como comunicación na V Semana de Filosofía de Pontevedra, marzo, 1990.

Despois de anos de experiencia e maduración, aprendendo dos erros, os estudos feministas propóñense hoxe en día un cambio na definición do seu obxecto ante os problemas e as trape-las que o tempo veu revelar, que encerra tomar «a muller» como obxecto de estudio¹.

Resumidamente, podemos formula-la cuestión nos seguintes termos:

- o obxecto de estudio «muller» é produto el mesmo dunha sociedade sexista.
- «a muller» como obxecto de estudio encerra a trape-la da diferenza e da discriminación.
- de asumirmos este obxecto como investigadoras estamos asumindo a trape-la e estamos reproducindo a ideoloxía sexista.
- resulta necesario «deconstruír» o obxecto de estudio «muller», por dicilo coa lingua-xe de Marx da cita anterior; resulta necesario revela-las «prácticas sociais» que se agachan detrás do obxecto da percepción.

Para esta tarefa, no ámbito dos estudos feministas, revélase hoxe en día que a categoría de XÉNERO pode utilizarse como o instrumento conceptual máis axeitado. ¿En que senso este concepto pode axudar a revela-las prácticas sociais que oculta o obxecto de estudio «muller»?

O concepto de xénero permite amosar que ser muller non implica só pertencer ó sexo biolóxico «femia», senón que tamén implica a atribución de toda unha serie de comportamentos, roles, actitudes, sentimentos, o conxunto dos cales conforma o xénero feminino, é dicir, a particular construción cultural que en cada sociedade vai asociada co feito biolóxico da sexualidade, de posuír caracteres sexuais propios do macho ou da femia. Esta construción cultural implica ademais adxudicar ás mulleres, un lugar e un status de inferioridade e de discriminación respecto dos homes.

Esta diferenza entre sexo e xénero, aínda que non tematizada como tal, é a que Margaret Mead sacaba á luz na súa investigación pioneira en *Sexo y temperamento en la sociedad primitiva*. Nela esta antropóloga estudia os comportamentos característicos dos homes e das mulleres en tres sociedades diferentes e descobre que estes non se corresponden cos que son típicos na cultura occidental, nin se corresponden tampouco entre si, e afirma:

(...) o encasillamento da personalidade humana segundo a idade, sexo, clase ou tipos raciais, probablemente violentará sempre o verdadeiro temperamento de moitos individuos. (...) estes achados testemuñan de novo o dominio das formas culturais sobre as «características innatas» (...) esclarecen como a cultura pode guiarse sobre un tipo de temperamento e supoñer que a personalidade axeitada para expresar ese temperamento é natural para calquera grupo determinado da sociedade, —sexo este definido polo sexo, a idade, raza, clase... Esta evidencia do vigor do condicionamento cultural, da importancia da perspectiva cultural dun tipo dado de personalidade, prevennos sobre o desperdicio de personalidades humanas que probablemente ocorrerá sempre que a cultura intente ignora-las diferenzas entre os seres humanos en interese de un só modelo imponible a calquera grupo ou a tódolos membros dunha sociedade².

Así pois, «a muller», esa «muller» que se toma como obxecto de estudio, é un estereotipo, unha categoría cultural dominante, unha construción cultural creada para encerra-las

¹ María Jesús Izquierdo: «¿Son las Mujeres Objeto de Estudio para las Ciencias Sociales?». *Papers: Revista de Sociología*, pp. 51-66. Verena Stolcke: «¿Qué Revolución Feminista en la Enseñanza: 'Estudios de la Mujer' o 'Integración Curricular'?», pp. 33-41.

² Margaret Mead: *Sexo y Temperamento en la Sociedad Primitiva*.

mulleres nun modelo fixo que bloquea e reprime calquera diferenza ou saída da norma cultural e social. A forza do estereotipo pode levar mesmo ós estudos feministas a reproducilo involuntariamente. Esta é a revisión crítica que a directora do equipo de *Mujer Vasca*, Teresa del Valle³, está a facer uns anos despois sobre os seus propios presupostos⁴. Segundo esta antropóloga, a investigación mesma contribuíu dalgún xeito a reforza-lo estereotipo, e isto por dúas razóns fundamentalmente. Primeiro por non dar relevancia ás construcións do xénero alternativas ó non adecuarse ó modelo de muller dominante, confinándose así a anormalidade ou á marxinalidade. En segundo lugar, pola dificultade de dar expresión ós modelos «desde as mulleres», precisamente pola forza do modelo «de muller», e isto, a pesar de seren as propias mulleres as que fornecen a información á investigadora. Neste senso resulta interesante a distinción de Shirley Ardener entre «estructuras de superficie» e «estructuras profundas». Estas últimas serían «aquelas ideas ou categorías que producimos coa finalidade de axudarnos na ordenación da experiencia diaria», nelas atópanse os «componentes xenerativos dunha sociedade concreta». As estruturas de superficie modeladas polos estereotipos dificultan a saída e a expresión das novas ideas e categorías, en definitiva, dos modelos «desde as mulleres»⁵.

No traballo mencionado, Teresa del Valle preséntanos toda una lista de mulleres que quedarían fóra da categoría utilizada en *Mujer vasca*: muller lesbiana, muller solteira-autónoma, muller solteira-autónoma con fillos, muller autónoma (separada/divorciada) con proxecto de vida propio sen fillos, muller autónoma (separada/divorciada) que exerce dereitos de visita cos fillos, muller solteira con fillo/a adoptada, muller lesbiana que vive en parella, etc. ... Como resultado da investigación preséntasenos un «modelo de sistema de valores das mulleres» que el mesmo está estereotipando ó non dar cabida a modelos alternativos nin amosa-la mobilidade das construcións de xénero. Isto non pasa cos homes que non definimos nin se definen polo xenérico senón que existen variacións respecto do traballo, *status*, idades, etc... Tampouco se fan investigacións sobre os «homes».

Outra investigación concreta pódenos axudar a ve-la avantaxe heurística do concepto de xénero. A diferenza sexo-xénero permite amosar por dicilo así, as sutilezas da discriminación das mulleres. Permite amosar unha dobre discriminación: a debida ó sexo ou desigualdade sexual, e a debida ó xénero ou desigualdade dos xéneros. A investigación á que nos referimos é a de Lourdes Méndez sobre a muller e a arte⁶. Para todas nós parece obvio que o feito de as mulleres non accederen ó mundo da arte coma os homes, é dicir, que non haxa a penas mulleres artistas, débese a un problema de educación que comeza xa na familia, etc... O interese do estudo de Lourdes Méndez está en que demostra que a figura do artista é un estereotipo masculino de xeito que o sistema de valores atribuído culturalmente ó

³ Teresa del Valle et alii: *Mujer Vasca. Imagen y Realidad*, Barcelona, Anthropos.

⁴ Teresa del Valle: «El momento actual en la antropología de la mujer: modelos y paradigmas. El sexo se hereda, se cambia y el género se construye», en Virginia Maquieira et al. (ed.): *Mujeres y hombres en la formación del Pensamiento Occidental*, vol. II, Instituto Universitario de Estudios de la Mujer, Universidad Autónoma, Madrid.

⁵ Shirley Ardener (ed.): *Women and Space: Ground Rules and Social Maps*, New York, Saint-Martin Press, 1981.

⁶ Lourdes Méndez: «Género, Arte y Obra», en Teresa del Valle et al.: *La mujer y la palabra*. San Sebastián, La Primitiva Casa Baroja, 1988.

xénero feminino choca ou é contradictorio coa construción cultural do artista. A autora afirma que hai unha auténtica «incompatibilidade cultural» entre o que é ser muller e ser artista na nosa sociedade e esa incompatibilidade dáse fundamentalmente pola oposición existente entre as categorías claves de «producción», «inmanencia», «natureza», arredor da cal se estrutura a definición da muller, e as de «creación» «transcendencia», «técnica» que definen o artista. Nesta incompatibilidade podemos atopala causa de que non se recoñezan as mulleres artistas. Resultan sumamente ilustrativos os textos que a autora analiza de críticos que valoran a obra de pintoras bascas, nos que os supostos valores artísticos que se salientan son en realidade os eternos valores femininos: «artista auténtica, feminina, delineadora de sutilezas... un mundo pequeno y coqueto lleno e encanto». «(...) resulta interesante verificar la aspiración a cultivar su yo natural de X, verla crear belleza desde lo tradicional, con la grata nueva de una vida ejerciendo de mujer vasca, y comprobar la laboriosidad de vocación doméstica por los temas sencillos».

Quixera agora dar un paso máis na miña reflexión. Os significados culturais atribuídos ó feito de ser macho ou de ser femia na nosa sociedade, os xéneros por tanto, non son significados gratuítos ou arbitrarios senón que están imbricados, tecidos, coas relacións de poder, é dicir, dependen de relacións de poder desiguais, estruturais, entre homes e mulleres. Como afirma Giddens, «a creación de marcos de significado ocorre en canto mediación das actividades prácticas e en función das diferencias de poder que os/as actores son capaces de aportar»⁷. Con isto estou caracterizando o feminismo como unha perspectiva teórica que considera o poder como propiedade de toda interacción humana e que ve as relacións sexo/xénero como un problema de poder. Este problema debe ser asumido por unha ciencia crítica da sociedade, é dicir, por unha ciencia que toma as representacións ideolóxicas ou simbólicas como directamente implicadas nas relacións de poder existentes nunha sociedade.

Outro aspecto directamente relacionado con todo isto que vou tratar xa moi brevemente é o da situación académica dos estudos feministas, que non «da muller». A práctica está a demostrar que os estudos «da muller» corren un dobre risco: o da «guetización», é dicir, o de converterse en « cousas de mulleres»; e o oposto pero igualmente perigoso: o da asimilación ou integración simbólica polo procedemento que alguén describiu xenialmente como «engadi-las mulleres e logo remexer»: muller e historia, muller e sociedade, muller e relixión... Por este último procedemento vemos xurdir programas e cursos nos que se estudia «as mulleres» coma unha categoría social autónoma na que se enmascaran ou pasan por alto as relacións de poder que a constitúen.

O que define a perspectiva teórica feminista é un «interese» político e non un obxecto propio. Eu apostaría pois pola integración da perspectiva crítica feminista nas distintas disciplinas⁸, como unha intervención que as obrigue a revisarse e a transformarse, converténdose nun instrumento teórico para unha ciencia verdadeiramente crítica da sociedade. En correspondencia con isto poderíamos defini-lo feminismo con María Jesús Izquierdo como unha perspectiva transdisciplinar máis axeitadamente ca como interdisciplinar ou multidisciplinar⁹. O interdisciplinar refire a un mesmo obxecto, a muller, que se debe abranguer

⁷ Anthony Giddens: *Las Nuevas Reglas del Método Sociológico*, Buenos Aires, Amorrortu, 1987, p. 114.

⁸ Verena Stolcke, art. cit.

⁹ María Jesús Izquierdo, art. cit.

desde distintas disciplinas. O feminismo sería transdisciplinar no mesmo senso en que podemos calificar de transdisciplinares o marxismo ou o estruturalismo, isto é, como enfoques comunes a distintas disciplinas.